



CONCELLO DE TORDOIA.- (A

C.I.F. P-1508500-D Teléfonos: 981.69.00.01 E-mail: correo@tordoia.gal

En relación co expediente **2024/C003/000002** relativo á contratación da obra **“REFORZO E EXTENSIÓN DAS REDES DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA AO PARQUE EMPRESARIAL DE ANXERIZ”**, elaborado polo enxeñeiro de camiños D. Pablo Rojo Losada, enxeñeiro técnico agrícola, colexiado nº 2525, de Xullo 2024, con motivo da concesión dunha subvención por Resolución da Consellería de Economía e Industria do 07/06/2024, pola que se concede unha subvención para o reforzo e extensión das redes de distribución eléctrica que da servizo ao parque empresarial do concello, o abeiro da Orde do 4 de xaneiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvención destinadas ao reforma e extensión das redes de distribución eléctrica que dan servizo aos parque empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN519D), para un investimento solicitado de 719.823,51.-€, co seguinte cadro:

INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	%CONCEDIDO	SUBVENCIÓN 2024	SUBVENCIÓN 2025	SUBVENCIÓN 2026
700.826,65€	560.661,32 €	80,00%	56.066,13 €	140.165,33 €	364. 429,86 €

Visto que o importe previsto para este contrato como orzamento base de licitación (IVE excluído) ascende á cantidade de 594.895,46 euros, sendo de IVE 124.928,05.- euros o que fai un total de 719.823,51.- euros IVE engadido.

Visto que o órgano de contratación para este contrato é o Alcalde da Corporación.

Visto o informe emitido pola Secretaria-Intervención de Agosto de 2024.

Visto o informe de supervisión de proxecto emitido pola Deputación Provincial de A Coruña, conforme o artigo 135 da LCSP

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado para os proxectos que se indica, convocando a súa licitación.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto con cargo a aplicación orzamentaria correspondente.

TERCEIRO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán o contrato xunto cos criterios de valoración propostos polo órgano de contratación.

CUARTO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante (dirección web indicada no apartado 14 do cadro de características do contrato) co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017.

QUINTO.- Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular os PCAP e os de PT.

SEXTO.- Nomear a mesa de contratación permanente do concello de Tordoia designada por acordo de Pleno do 28 de xuño de 2023 e publicada a súa composición no BOP da Coruña nº 130 do 10 de xullo de 2023.

SÉTIMO.- Designar a empresa adxudicataria do servizo de asistencia técnica para que emita o informe de puntuación da documentación que figurarán nos sobres e que son obxecto de avaliación.

En Tordoia, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE
Eduardo Antonio Pereiro Liñares
(asinado dixitalmente)